

Exposición

Xulio García Rivas

Manancial de sombras



Xulio García Rivas: Mar de Lira, 2016. Tinta chinesa sobre papel

DATAS: do 18 de xaneiro ao 9 de abril de 2023

LUGAR: Fundación Luis Seoane, A Coruña

PRODUCCIÓN: Fundación Luis Seoane

COMISARIA: Sara Donoso

Baixo o título *Manancial de sombras*, a Fundación Luis Seoane presenta a obra máis recente de Xulio García Rivas (Borraxeiros, Agolada, Pontevedra, 1947), unha selección de vinte pezas de mediano e gran formato realizadas en tinta chinesa sobre lenzo ou papel de arroz. Comisariada por Sara Donoso, a mostra establece unha conexión coas intervencións levadas a cabo entre os anos 2005 e 2007 na Fundación por outros artistas galegos como Xabier Toubes, Darío Álvarez Basso ou Roberto González Fernández, cuxo traballo non se inscribe dentro de ningún movemento ou corrente artística concreta.

A diferenza daquelas intervencións, realizadas dentro do ciclo *Non Disponible*, que recorría a zonas non expositivas do edificio como as galerías ou o patio central, neste caso o artista executou este proxecto especificamente para a sala principal da Fundación, único dos seus espazos que permite acoller obras que, nalgúns casos, sobrepasan os catro metros de longo. As dimensións das pezas xogan un papel destacado nesta proposta de carácter inmersivo, que conecta ao espectador co mundo interior do autor grazas á interpretación que este fai da paisaxe.

Esta interpretación toma forma no estudo a través do propio acto creativo, no que se mesturan as imaxes da natureza coas referencias intelectuais e a sensibilidade do pintor. Deste xeito, a atmósfera e o tratamento da luz das obras de Monet, Goya, Rembrandt e Caspar David Friedrich, xunto coa paisaxe sonora das *Variacións Goldberg* ou a música de John Coltrane como pano de fondo, dan lugar a unha linguaxe única que se traslada á superficie do papel ou do lenzo a través da tinta, que funciona como fío condutor do xesto.

Parte imprescindible deste proceso é a elección do título da obra, que ás veces acompaña e esclarece a mestura de masas de pintura e os baleiros do lenzo, e outras remite a un espazo máis persoal. Así, *Fervenza*, *O son da fervenza*, *Luz de auga*, *Mar de Lira*, *Escintilar da noite* ou *Voo de paxaros* conviven con *Escintileos*, *Última luz*, *Cara o silencio*, etc., construíndo unha natureza que non é fiel imaxe do mundo real, senon un retrato emocional do artista.

A obra de Xulio García Rivas contén elementos da pintura taoísta china, na que a paisaxe é un elemento cambiante, en contínua transformación; e dun certo expresionismo abstracto que se transforma nunha abstracción poética. O pintor non precisa dun argumentario teórico como paso imprescindible para que o espectador sexa consciente do que está vendo e poida interpretalo: cada obra reflicte un proceso que comeza, se desenvolve e finaliza para volver de novo ao punto de inicio, conectando a sensibilidade do artista co espazo expositivo, e por extensión, coa persoa que a contempla nun determinado momento.

Manancial de sombras é tamén o título do libro que publicará a Fundación Luis Seoane con motivo da celebración desta exposición, unha edición limitada de 200 exemplares numerados que contarán cunha intervención de Xulio García Rivas na tapa. A publicación, máis próxima ao concepto de libro de artista que a un catálogo de exposición ao uso, inclúe textos críticos da artista, escritora e crítica de arte Anxeles



Penas, do poeta e ensaísta sobre creación literaria e artística Juan Antonio Martínez-Casanueva e de Sara Donoso, comisaria da exposición.

Para máis información, entrevistas e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

Correo: emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Teléfono: **981 216 015**

Móbil: **695 193 053**